

# NOTA DE PRENSA



## artfutura 2009

### '20 anos: da realidade virtual ás redes sociais'

Do 29 de outubro ao 28 de novembro de 2009

**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**

**DATAS:** do 29 de outubro ao 28 de novembro

**LUGAR:** salón de actos

#### **HORARIOS:**

- **xoves e venres**, de **19.00 a 21.00**
- **sábados**, de **17.00 a 21.00**

#### NOTA/ AVISO:

- O xoves 12, venres 13 e sábado 14 de novembro non haberá proxeccións por coincidir con outras programacións da festa aniversario do MARCO
- O xoves 19 de novembro a sesión comezará ás 17.00 por coincidir co Festival Sinsal

**PROMOTOR:** MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

**PRODUCCIÓN:** ArtFutura

**ENTRADA:** 1€ / día [xoves 29 outubro gratuíto]

**AFORO LIMITADO**

### **Información xeral**

O **29 de outubro** comeza no MARCO o programa audiovisual de ArtFutura, que neste ano 2009 celebra a súa **vixésima edición**. Vinte anos de existencia, nos que a evolución de ArtFutura discorreu en paralelo á evolución da cultura dixital e á implantación das novas tecnoloxías en todos os ámbitos. Dende o soño da Realidade Virtual á explosión de Internet e a presente era das Redes Sociais, o festival foi un espazo de especulación constante sobre o papel da tecnoloxía na sociedade, a cultura e a arte. Dende que, en xaneiro de 1990, ArtFutura presentase a Realidade Virtual por primeira vez en España, o festival foi reinventándose constantemente e introducindo temas como a Realidade Aumentada, as

Comunidades Virtuais, Internet como Cyborg, a Arte Colectiva, a Vida Artificial ou a Estética de Datos.

Este especial aniversario ten o seu reflexo nun programa audiovisual moi atractivo, que explora os novos tipos de creatividade relacionados coas **redes sociais** como Facebook e YouTube. Un exemplo é o grupo **Improv Everywhere**, que conta con máis de 72.000 amigos en Facebook; os seus vídeos foron vistos en YouTube máis de 70 millóns de veces.

Agora, en colaboración con ArtFutura 2009, **Improv Everywhere** presenta unha **'misión' por primeira vez en España**, o **'EXPERIMENTO MP3'**, que terá lugar o **29 de outubro en catro cidades simultaneamente: Vigo, Madrid, Barcelona e Murcia.**

<http://www.marcovigo.com/content/experimento-mp3-vigo>

<http://www.facebook.com/event.php?eid=176790231809&index=1>

# artfutura **2009** Calendario e programas en **MARCO**

**DATAS:** do 29 de outubro ao 28 de novembro

**LUGAR:** salón de actos

**HORARIOS:**

- **xoves e venres**, de **19.00 a 21.00**
- **sábados**, de **17.00 a 21.00**

NOTA/ AVISO:

- O xoves 12, venres 13 e sábado 14 de novembro non haberá proxeccións por coincidir con outras programacións da festa aniversario do MARCO
- O xoves 19 de novembro a sesión comezará ás 17.00 por coincidir co Festival Sinsal

**PROMOTOR:** MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

**PRODUCCIÓN:** ArtFutura

**ENTRADA:** 1€ / día

## CALENDARIO PROXECCIÓNS

**Xoves 29 out**  
19.00 Programa A

**Venres 30 out**  
19.00 Programa B

**Sábado 31 out**  
17.00 Programa C  
19.00 Programa D

**Xoves 5 nov**  
19.00 Programa C

**Venres 6 nov**  
19.00 Programa D

**Sábado 7 nov**  
17.00 Programa A  
19.00 Programa B

**Xoves 19 nov**  
17.00 Programa B

**Venres 20 nov**  
19.00 Programa A

**Sábado 21 nov**  
17.00 Programa C  
19.00 Programa D

**Xoves 26 nov**  
19.00 Programa D

**Venres 27 nov**  
19.00 Programa C

**Sábado 28 nov**  
17.00 Programa A  
19.00 Programa B

NOTA: o **xoves 29** e o **sábado 31** de outubro, o público terá ocasión de votar pola súa **película favorita** de entre todos os traballos que conforman os programas **3DFutura Show** e **3D en España**, respectivamente. Os traballos que consigan máis votos serán gañadores dos **Premios ArtFutura 2009**, convocados na edición de cada ano. Os resultados das votacións e nomes dos premiados publicaranse na web de ArtFutura [www.artfutura.org](http://www.artfutura.org), e na web do MARCO [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com).

## artfutura 2009 Información PROGRAMAS

### PROGRAMA A

Duración total: 2 horas

#### **3DFutura Show** (1 hora)

A edición de 2009 vólvenos traer a selección comisariada dos **mellores traballos de 3D** producidos nos últimos doce meses. O 3DFutura Show inclúe cada ano dende as pezas máis espectaculares producidas polos grandes estudos, ata as pequenas marabillas creadas por artistas independentes repartidos por todo o mundo.

*French Roast* - Fabrice O. Joubert  
*Unbelievable 4 Sukwon Shin* - Inpyo Hong  
*Dix Bif* - The Mill  
*Phase* - Yasuhiro Kobari  
*Peripetics* - Zeitguised  
*The Spine* - Chris Landreth  
*cEvo Teaser* - Vortice Studios  
*La Main des Maitres* - Adrien Toupet / Clément Delatre / Looky  
*As One Makoto Yabuki* - Tangram  
*Roll'n Rock* - Nico Casavecchia / Boolab  
*Pigeon: Impossible* - Lucas Martell

### **Improv Everywhere** (1 hora)

Documental coas mellores misións de **Improv Everywhere**. Incluindo *Frozen Grand Central, No Pants, MP3 Experiment, Best Buy* e *Human Mirror*. Ao longo dos últimos anos, Improv Everywhere converteuse nun referente da nova creatividade asociada ás redes sociais, realizando un total de 85 'misións' que contaron con miles de participantes e unha regra básica: rir, facer agudos comentarios sociais, pasalo ben... pero nunca insultar nin humillar a ninguén.

## **PROGRAMA B**

Duración total: 2 horas

### **Futura Graphics** (1 hora)

Novo programa audiovisual que estrea ArtFutura 2009. Animacións dixitais e máis alá: **curtas, virais, videoclips** e outras pezas que teñen en común a busca de novas estéticas e linguaxes. Dende producións de estudantes ata encargos a coñecidos estudos, a selección de pezas combina na súa factura técnicas manuais e imaxe real con infografía. Con traballos de **Evelin Lohbeck, Adam Berg, Michal Socha, Anton Setola, Tim Kail, Brandon Todd** e outros.

*Notebook* - Evelin Lohbeck  
*Carousel* - Adam Berg  
*Loquillo. Leyenda Urbana*- No Domain  
*The Royal Nightmare* - Alex Budowsky  
*Ignatus 'Dans L'herbe'* - Olivier Martín  
*Chick* - Michal Socha  
*Mei Ling* - Stéphanie Lansaque & François Leroy  
*Jazzed* - Anton Setola  
*Caney Mountain* - Tim Kail  
*Carátulas Xcèntric* - Dvein

### **Digital Kitchen** (30 minutos)

Documental sobre o traballo dos famosos **estudios Digital Kitchen**. Con oficinas en Nova York, O Ánxeles e Seattle, Digital Kitchen son valorados polos seus conceptos innovadores en deseño de webs, publicidade e contidos dixitais. Traballaron para Apple, Nike, HBO... e entre as súas cabeceiras para series están as de 'Dexter', 'Six Feet Under' e 'True Blood'.

### **Reality Bytes** (30 minutos)

A animación abre novas maneiras de afrontar o xénero documental. Dende que nos anos cincuenta Faith e John Hubley animasen a conversación non guionizada dos seus fillos, e gañasen un oscar (*Moonbird*), diversos autores (**Nick Park, Peter Lord, Tim Webb...**) usaron a animación para expresar subxectivamente a realidade. Este ano Suecia toma o relevo do Reino Unido con autores como **Hanna Heilborn** e **Jonas Odell**, que, a diferenza dos seus predecesores, apostan pola **animación infográfica** nesta frutífera mestura de xéneros. Mostramos os seus máis recentes traballos.

*Slavar* - Hanna Heilborn & David Aronowitsch

*Lobner* - Hanna Heilborn & David Aronowitsch

## **PROGRAMA C**

Duración total: 2 horas

### **PES** (30 minutos)

**Adam Pesapane (PES)**, director estadounidense, é para moitos un dos mellores especialistas na técnica 'stop-motion'. As súas curtas-animacións teñen sido premiadas en múltiples festivais e visionadas millóns de veces en YouTube. ArtFutura presenta unha colección dos seus mellores traballos, incluíndo pezas pouco coñecidas, pero non por iso menos espectaculares.

### **Chris Landreth** (30 minutos)

Considerado o artista máis importante no campo da nova animación dixital, Chris Landreth ten un novo traballo, 'The Spine', premiado en Siggraph e Ars Electronica. Este documental inclúe as súas pezas clásicas, ademais de 'The Spine'.

*Bingo* - Chris Landreth

*Ryan* - Chris Landreth

*The Spine* - Chris Landreth

### **3D en España** (1 hora)

O premio 3D en España é a convocatoria máis relevante no noso país destinada a premiar os **mellores traballos de animación 3D** e efectos especiais producidos ao longo do último

ano por compañías, estudantes e artistas independentes. O programa recolle os traballos finalistas que optan ao premio, decidido polos votos do público asistente.

*Tachaaaaan!* - Rafael Cano / Lolita Peliculitas

*Malacara y el Misterio* - Inercia Films

*Suckers* - BRB Internacional

*Fácil Fresco y Familiar* - Camilo Duarte

*Zapping* - Avelino Lombardero

*Fórmula Sexta* - Kotoc

*Suckers* - BRB Internacional

*El pintor de los cielos* - Jorge Morais

*Suckers* - BRB Internacional

*Cíclope* - Carlos Morett

*The Lady and the Reaper* - Kandor Graphics / Javier Recio Gracia

## **PROGRAMA D**

Duración total: 2 horas

### **The Best of the Rest** (1 hora)

Obras especialmente seleccionadas das proxeccións dos 20 anos de ArtFutura. Incluindo traballos moi especiais e pouco vistos de Buzz, Resfest e o ArtFutura Show. O mellor do mellor.

Omnibus Japan - 1

TFX - *The Boxer*

John Amanatides - *Megacycles*

Polygon Pictures - *Polygon Family Episode 2*

Tim Miller / Artisans - *Rockfish*

Sukwon Shin - *Rock the World*

Ben Hibon - *Codehunters*

Alex Whitney - *Oblivious*

Yugi Kyoshitsu - *The Play*

Andrew Huang - *Doll Face*

Sejong Park - *Birthday Boy*

Aaron Otstott - *Run "Today's Science..."*

Dalbiez / Garcette / Leleu - *Riba*

Blondeau / Deloof / Droulers - *Parenthèse*

Towa Tei - *Technova*

PDI - *Gas Planet*

**Cibermedia** (30 minutos)

ArtFutura recupera dous programas producidos para as súas edicións de 1991 e 1992: **Cibermedia** e **Mente Global**. Unha visión retrospectiva de dúas das súas máis importantes edicións. Coa participación de **Laurie Anderson, Mark Pellington (BUZZ), Brad DeGraf, Brenda Laurel, Tom DeFanti, Derrick de Kerckhove** e outros.

**Mente Global** (30 minutos)

ArtFutura recupera dous programas producidos para as súas edicións de 1991 e 1992: **Cibermedia** e **Mente Global**. Unha visión retrospectiva de dúas das súas máis importantes edicións. Coa participación de **Kevin Kelly** (editor de WIRED), **Terence McKenna, Sherry Turkle, Rupert Sheldrake, Jim Blashfield** e outros.

**+ INFO** en:

FACEBOOK: <http://www.facebook.com/artfutura>

TWITTER: <http://twitter.com/artfutura>

YOUTUBE: <http://www.youtube.com/user/ArtFutura2009>

VIMEO: <http://vimeo.com/artfutura>

[www.artfutura.org](http://www.artfutura.org)

2

**MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**

**FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Caixanova, Ministerio de Cultura**

**Príncipe 54. 36202 Vigo. Tel: 986 113900. Fax 986 11 39 01 [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com) [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)**